

PLENO 29-09-1995

BOP 28-12-1995

"REGULAMENTO DO PAVILLON DE DEPORTES"

XENERALIDADES

OBXETO:

Artigo 1.- De acordo coas facultades que a Lei reguladora de bases de Régime local lle confire ó Concello, establécese o presente Regulamento do Pavillón de Deportes, que regulará o desenvolvemento das actividades deportivas que se levan a cabo no mesmo.

Artigo 2.- O servizo do Pavillón de Deportes levarase en réxime de xestión directa, sen perxuízo da colaboración ou iniciativa particular, que virá obrigada a axustarse as prescricións que se establezan neste Regulamento e ás normas que no seu caso, dicte a Corporación Municipal.

Artigo 3.- Ten por obxeto o presente Regulamento a ordeación das actividades deportivas, tanto de clubs deportivos, en réxime de competición ou formación, como de colectivos nos federados ou cidadáns que desexen facer uso das instalacións ou servizos, regulándose a súa prestación polo Concello.

DAS INSTALACIONES:

Artigo 4.- O Pavillón consta dun edificio no que se acollen:

- 1.- Pista polideportiva.
- 2.- Catro vestuarios.
- 3.- Dous vestuarios para arbitros.
- 4.- Dous almacens.
- 5.- Unha sá de reunións.
- 6.- Un espazo adicado a ximnasio.

Artigo 5.- O Concello terá unha persoa no Pavillón, que fará as funcións de encargado do mesmo, tendo a seu cargo o mantemento, vixilancia e conservación das instalacións e aparellos deportivos, así coma o control de horarios e cobro do prezo público.

DOS SERVICIOS:

Artigo 6.- O Pavillón terá a disposición das entidades deportivas, colectivos ou individuos, tódalas instalacións e aparellos necesarios, para a práctica deportiva.

Artigo 7.- O horario público establecerase de acordo coas peticións de utilización por parte

das entidades deportivas, colectivos ou individuos.

Artigo 8.- O Concello terá preferencia na organización dos seus actos, debendo non obstante, caso de que algún deles coincida con outro xa programado, poñelo en coñecemento do clube ou sección implicada coa suficiente antelación para poder solicitarlo aprazamento.

Artigo 9.- Igualmente, o Pavillón, poderá ser utilizado para outros actos non deportivos tendo que contar, neste caso, coa aprobación do Concello.

FALTAS E SANCIONS:

Artigo 10.- As faltas que se poidan cometer na utilización das instalación do Pavillón serán calificadas como leves, graves e moi graves.

Artigo 11.- Son faltas leves aquelas que atenten contra o establecido no presente Regulamento, mentras nos sexan calificadas como graves ou moi graves.

Artigo 12.- Serán faltas graves:

- Reincidencia nas faltas leves
- Altercados e alborotos.
- Ofensas e insultos ó persoal subalterno do pavillón.
- Desacato ás ordenes emanadas dos órganos de goberno municipais.
- Calquera outra que mereza tal calificación a resultados do expediente que se tramite.

Artigo 13.- Serán faltas moi graves:

- Reincidencia nas faltas graves.
- Insultos ou agresións físicas o persoal subalterno do Pavillón, ou persoal particular ó servizo das actividades que se desenvolven no mesmo.
- Calquer outra que mereza tal calificación a resultados do expediente.

Artigo 14.- As Sancións serán impostas pola Alcaldía para as faltas leves, e pola Comisión Municipal de Goberno para as graves e moi graves. Para a imposición de sancións por faltas leves non fara falla a apertura de expediente.

Artigo 15.- Os tipos e contías a aplicar serán os seguintes:

- Faltas leves: multa de 1.000 a 5.000 pesetas e privación do uso do Pavillón.
- Faltas Graves: multa de 5.001 a 15.000 pesetas con indemnización de danos materiais se os houberse e privación do uso de Pavillón.
- Faltas moi graves: multa de 15.001 a 50.000 pesetas, con indemnización de danos materias se os houberse e privación do uso do Pavillón.

DISPOSICION FINAL:

Primeira.- En todo o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto tanto no Regulamento de Bens e Servicios das Corporacións Locais, como en calquera outra disposición con competencia na materia."